

## Unidade 4. Describir un obxecto

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Rodea no seguinte texto as formas verbais.

O faiado da miña avoa está cheo de cousas vellas e antigas. Había un baúl con roupa que usaba cando era nova. No Entroido temos disfraces seguro. Brais, no verán, traballaba nas leiras. Regaba, cavaba, arrincaba as malas herbas. Eu creo que a colleita será abundante de tomates, pementos e feixóns.

- Clasifica agora esas formas verbais.



pasado	presente	futuro
Había, usaba, era, traballaba, regaba, cavaba, arrincaba	Está, temos, creo	Será

### 2. Relaciona cada forma verbal co modo que lle corresponde.

indicativo

subxuntivo

imperativo

- Oxalá comecen xa os campionatos. → **Subxuntivo**
- O venres irei a Cambados. → **Indicativo**
- Non collas o teléfono porque é Uxía e non quero falar con ela. → **Subxuntivo e indicativo**
- Acompañade ao voso irmán. → **Imperativo**
- Toma a infusión! → **Imperativo**
- Ela sempre vai ao cine os sábados. → **Indicativo**

### 3. Escribe dúas oracións cunha forma verbal en indicativo, dúas cunha forma verbal en subxuntivo e dúas cunha forma verbal en imperativo.

**Resposta libre.**

## Unidade 4. Describir un obxecto

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_







### 4. Escribe o que se che pide.

- Contracción da preposición *a* máis o artigo *a*: **á**
- Adverbio de cantidade: **máis**
- Lazo: **nó**
- 3.<sup>a</sup> persoa do singular do presente de indicativo do verbo *ser*: **é**
- Artigo determinado feminino singular: **a**
- Conxunción copulativa: **e**
- Contracción da preposición *en* máis o artigo *o*: **no**
- Conxunción adversativa: **mais**

### 5. Ponlles acento gráfico se o precisan ás palabras das seguintes oracións.

- David ten un **óso** de coello na habitación.
- Teñen que **pór** unha antena nova na comunidade.
- **Cómpre** que vaías a polas patacas mañá.
- Queres que lle faga o **nó** á gravata?
- Non me **dá** saído ese exercicio.

### 6. Que son os debuxos seguintes? Escribe.

**Póla/pola, pe/pé, te/té.**

### 7. Escribe o ditado.

**Xa había máis dunha hora que agardaba só naquel banco polos seus amigos. O tempo cada vez pasaba con maior lentitude e xa non sabía que facer. Chegou a matar o tempo facendo e desfecendo os nós dos seus zapatos; mais os seus amigos seguían sen aparecer. «É moi raro! Algo tivo que pasar», pensou.**

## Unidade 4. Describir un obxecto

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 8. Completa.

Segundo a súa forma podemos distinguir dous tipos de poemas:

- Poema **estrófico**: composición fixa formada por unha serie de estrofas. Un dos máis usados é o soneto, composto por dous cuartetos e dous tercetos con rima ABBA ABBA CDC DCD, aínda que a rima nos tercetos pode variar.
- Poema **non estrófico**: composición composta por unha serie de versos que non forman estrofas. Entre este tipo de poemas aparecen:
  - O **romance**: serie ilimitada de versos octosílabos, con rima asonante nos pares.
  - O poema de versos **libres**: sen medida e sen esquema de rima, moi usado entre os poetas contemporáneos.

**9. Busca no libro de texto ou noutro libro calquera un poema estrófico e outro non estrófico e escríbeos.**

**Resposta libre.**